

Resolución pola que se fai pública a composición da comisión de selección da praza 20/9004 de profesor/a contratado/a interino de substitución para a Escola Universitaria de Deseño Industrial

A Resolución Reitoral do 10.07.2024, pola que se executa a sentenza núm. 99/2022 ditada o 27.06.2022 polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña ao coñecer do procedemento abreviado 141/2021 seguido a instancia de don Vicente López Pena contra UDC sobre a adxudicación da praza 20/9004, resolveu: retrotraer o procedemento ao momento de nomear unha nova comisión de selección, proceder ao seu nomeamento e notificar a resolución ás persoas que integran a comisión para que se constituía e prosiga as actuacións de acordo co disposto pola sentenza que se executa.

Notificadas as persoas que integran a nova comisión da súa condición de integrantes desta, por medio de diferentes escritos (de 15.07.2024, 17.07.2024 e 18.07.2024) a presidenta e os vogais 2º e 3º manifestan o feito de se atopar incursos en causa de abstención e/ou conflito de intereses.

Comprobada a concorrencia das causas alegadas, requírese ao Consello de Departamento de Enxeñería Civil para que propoña unha nova Comisión (xa que se tiñan esgotados os suplentes que integraran a Comisión nomeada pola Resolución precitada do 10.07.2024)

O 16.09.2024 o Consello de Departamento de Enxeñería Civil remite a súa proposta de composición da Comisión de selección que, vista pola Comisión delegada do Consello de Goberno, foi aprobada polo Consello de Goberno da UDC na súa sesión celebrada o 01.10.2024 .

Polo exposto, **dispoño:**

Publicar no Taboleiro Electrónico Oficial desta Universidade a composición da Comisión de selección da praza 20/9004 que quedará como segue:

Comisión titular

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Cuadrado Aranda, Francisco J.	Catedrático de Universidade	545	Presidente
Samper Calvete, Francisco J.	Catedrático de Universidade	525	Secretario
Caño Gochi, Alfredo del	Catedrático de Universidade	510	Vogal 1º
Fernández Ibáñez, M. Isabel	Profesora Titular de Universidade	305	Vogal 2º
Naves García- Rendueles, Acacia	Axudante Doutora	510	Vogal 3º
Guillén Solórzano, Eduardo	Profesor Permanente Laboral	650	Representante trab.

Comisión suplente

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Carro López, Diego	Profesor Titular de Universidade	510	Vogal 1º
Eiras López, Javier	Profesor Titular de Universidade	510	Vogal 2º

A Coruña, na data da sinatura dixital

O reitor

PD. A vicerreitora de Profesorado (Artigo 11, RR 10.07.2024)

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	600EdOpc19fHZtznw3f+tw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	09/10/2024 14:20:29
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/600EdOpc19fHZtznw3f+tw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

